As mariscadoras denuncian tamén que as solicitudes de indemnizacións polas riadas de febreiro e marzo de 2016, presentadas ante a Delegación do Goberno, non son tramitadas e non reciben ningunha contestación. Por contra, si o fixeron cos particulares afectados nos seus bens.

É imprescindible acometer canto antes solucións para todos estes problemas, xa que é intolerable que nestes momentos as administracións estean de costas a esta Ría que podería xerar moitos postos de traballo na zona e aportar ao importante sector turístico e restaurador de Sada uns produtos de grande calidade, sobre todo se foran identificados pola súa orixe.

Ante todo o exposto, consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia ten que intervir de maneira urxente para dar solucións e poñer de novo en valor a Ría de Sada para a actividade do marisqueo.

A este fin, En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1- Actualizar e poñer en marcha o proxecto de rexeneración da praia de Sada.

2.- Por en marcha, de maneira urxente, as obras para a mellora da canle de



desaугue das Brañas.

3.- Desenvolver inspeccións e estudos para detectar e corrixir a orixe dos vertidos fecais.

4.- Incrementar o persoal de inspección pesqueira para posibilitar un efectivo control do furtivismo na Ría de Sada.

5.- Instar á Delegación do Goberno en Galicia a tramitar, de maneira urxente, as solicitudes das mariscadoras de Sada a poder optar ás axudas polas riadas producidas na súa localidade nos meses de febreiro e marzo de 2016.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputado do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 16/01/2017 10:06:34

Luis Villares Naveira na data 16/01/2017 10:06:46



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2017 12:22
Nº Rexistro: 3374
Data envío: 16/01/2017 12:22:02.218

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa á situación de discriminación laboral por razón de xénero e acoso a unha traballadora por parte da empresa de transporte colectivo de viaxeiros HEDEGASA, S.L.

A empresa de transporte colectivo de viaxeiros HEDEGASA, S.L. “acredita” un extenso historial de condenas por acoso laboral, mobbing e danos morais a unha traballadora.

Desde o ano 2009, logo dunha embarazo de alto risco e petición de redución de xornada para o coidado dunha filla, que foi denegada ilegalmente pola empresa, encétase unha situación de fustigamento e acoso contra unha muller traballadora, que foi amparada en diversas ocasións polos xulgados do social, a inspección de traballo, alén do apoio e respaldo sindical e a solidariedade expresada por multitude de traballadoras e traballadores.

Dita empresa foi condenada en 2010 por despedimento nulo por vulneración de dereitos fundamentais. Esa condena levou aparellada unha indemnización por danos morais, ademais da readmisión da traballadora a comezos de 2011. Porén, no canto de respectar os dereitos laborais e acatar as resolucións xudiciais, a empresa persistiu en imporlle condicións de traballo discriminatorias, que remataron coa intervención da Inspección de Traballo, levantando unha acta onde describiu a actuación empresarial



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2017 12:22
Nº Rexistro: 3374
Data envío: 16/01/2017 12:22:02.218

como “mobbing, psicoterrorismo, hostigamento ou acoso laboral”, cualificándoa como infracción laboral moi grave, o cal desencadeou unha condena de novo por vulneración de dereitos fundamentais que ademais impuxo á empresa unha indemnización de 10.000 euros en compensación dos danos causados á traballadora.

Hai apenas un mes, a empresa volveu a emprender actuacións inxustas e opresivas contra a traballadora, ao instar á administración competente en materia de tráfico a suspensión cautelar das licenzas de condución e, con iso, acordar a suspensión do contrato de traballo, sen ningún tipo de compensación nin acceso a prestación.

Nestes intres, tamén temos coñecemento dunha petición de investigación penal, con imposición de penas de cárcere, para a as persoas directamente responsábeis do abuso e acoso que vén padecendo a traballadora, que está pendente da decisión do xulgado.

A empresa de transporte HEDEGASA, SL desenvolve a súa actividade no ámbito do transporte colectivo de viaxeiros, sendo concesionaria de liñas de transporte regular colectivo, alén de contratista da administración educativa para o transporte de alumnado a centros públicos neste concello e na comarca de Compostela.

A normativa vixente en materia de transporte define o transporte colectivo regular de viaxeiros como un servizo público, titularidade das administracións e que pode ser prestado en réxime de concesión por empresas de transporte. Polo tanto, HEDEGASA, SL desenvolve e executa unha actividade pública, ao xestionar unha liña de transporte que forma parte dun sistema de transporte público, que ademais está integrado nun sistema metropolitano de conexións regulares de transporte que ten financiamento da administración galega e local.

O Goberno galego non pode ser alleo a esta situación, onde unha persoa traballadora dunha empresa concesionaria dun servizo público que empregan miles de



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2017 12:22
Nº Rexistro: 3374
Data envío: 16/01/2017 12:22:02.218

veciñas e veciños, sofre un acoso ilegal e insolente por parte de responsábeis empresariais. Non é simplemente unha desprezábel actitude que mereza a corrección por parte de autoridades laborais, como xa está a acontecer, senón que é a constatación de trato desconsiderado, irrespectuoso, ofensivo a unha empregada que desenvolve o seu traballo no eido dun servizo público.

A Xunta de Galiza non poden tolerar que se manteña esta lamentábel actitude empresarial e ten a obriga de instar a que se respecten os máis elementais dereitos fundamentais, a lexislación laboral, e sobre todo a dignidade humana.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a

Esixir da empresa de transporte de viaxeiros HEDEGASA, SL a aplicación dunha política laboral que respecte os dereitos das traballadoras e que cese nas actuacións discriminatorias por razón de xénero.

Que inspeccione e tutele o cumprimento da legalidade en materia laboral e de igualdade de xénero nos servizos públicos concesionados a HEDEGASA,SL.

Que de persistir HEDEGASA na súa actuación de discriminación por razón de xénero e acoso con esta traballadora, proceda a anular a concesión administrativa con esta empresa.

Demandar das empresas de transporte colectivo de viaxeiros que respecten a igualdade nas relacións laborais nos servizos de transporte público de viaxeiros que xestionan baixo concesión administrativa.”



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2017 12:22
Nº Rexistro: 3374
Data envío: 16/01/2017 12:22:02.218

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/01/2017 11:27:00

Olalla Rodil Fernández na data 16/01/2017 11:27:06

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/01/2017 11:27:11

Noa Presas Bergantiños na data 16/01/2017 11:27:16

Xosé Luis Bará Torres na data 16/01/2017 11:27:20



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2017 12:22
Nº Rexistro: 3374

Data envío: 16/01/2017 12:22:02.218

Ana Pontón Mondelo na data 16/01/2017 11:27:24



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2017 12:58
Nº Rexistro: 3387
Data envío: 16/01/2017 12:58:10.155

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Os concellos de Becerreá, Baralla, O Corgo, Láncara, As Nogais e O Páramo comparten unha soa pediatra para a cobertura médica infantil. A asistencia sanitaria préstase en días alternos nos centros de saúde de Becerreá (martes e xoves), O Corgo (luns e mércores) e Láncara (venres) obrigando á poboación dos demais concellos a se desprazar até alí.

Porén, cando a pediatra causa baixa laboral, como aconteceu nos últimos meses, o SERGAS non asignou unha persoa substituta polo que as familias deben desprazarse até o PAC de Fingoi ou o HULA na cidade de Lugo, situada a máis de 30 km, para recibir atención médica.

Nas últimas semanas, a Asociación veciñal Porta dos Ancares de Baralla iniciou unha recollida de sinaturas para reclamar o dereito a contar con pediatra nesta localidade toda vez que o centro de saúde conta cunha sala equipada para prestar este servizo.

Por todo o exposto, fórmase a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2017 12:58
Nº Rexistro: 3387
Data envío: 16/01/2017 12:58:10.155

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Asignar unha persoa pediatra ao Concello de Baralla dando cobertura á súa poboación de maneira directa cando menos dous días á semana.
3. Substituír o persoal cando este cause baixa laboral garantindo así a continuidade da prestación do servizo.
2. Dotar de persoal suficiente as prazas do Corgo, Becerreá e Láncara para que non sexa unha única persoa quen deba asumir toda a carga de traballo.”

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 16/01/2017 12:53:49



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2017 12:58
Nº Rexistro: 3387
Data envío: 16/01/2017 12:58:10.155

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/01/2017 12:53:53

María Montserrat Prado Cores na data 16/01/2017 12:53:57

Noa Presas Bergantiños na data 16/01/2017 12:53:59

Xosé Luis Bará Torres na data 16/01/2017 12:54:02

Ana Pontón Mondelo na data 16/01/2017 12:54:05

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, José Manuel Pérez Seco, María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

O estado da ría de Ferrol vén dende hai anos xerando preocupación no sector pesqueiro desta zona, dado o estado lamentable no que se atopa, por unha banda a zona de libre marisqueo leva sen descanso dende hai oito anos, co conseguinte esgotamento do recurso, e polo outro a zona B que precisa dunha rexeneración, así como de dragado e traslado.

O deficiente saneamento provoca que sexa un dos estuarios máis contaminados de Galicia con varias zonas de exclusión, é dicir, sen clasificar e cunha zona de produción, a máis produtiva catalogada como C. O marisco perde calidade e prezo, e a elevada mortandade que ten que ser asumida polas confrarías de Ferrol e Barallobre está poñendo a estas entidades no abismo económico. As persoas que dependen dela economicamente vén perigar o seu emprego e mesmo que teñen que enfrontarse a responsabilidades que en ningún caso son súas. O Goberno galego decidiu no seu momento promover un cambio de modelo na explotación pasando a un modelo que permite a comercialización do produto recollido en zona C, despois de pasar un período de depuración nas bateas de reinstalación colocadas para tal fin pola Consellería do Mar na boca da ría, despois de reclasificar unha zona como A, pero o modelo non funciona e as deficiencias cada vez agrávanse máis.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

 Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que:

1º) Asuma as responsabilidades e os prexuízos ocasionados aos usuarios dos bancos marisqueiros da ría de Ferrol, e promova as accións necesarias para rematar o saneamento integral da ría de Ferrol.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2º) Modifique o actual modelo de reinstalación do marisco extraído das zonas C e asuma as perdas ocasionadas ás confrarías pola mortandade dos moluscos.

3º) Dote orzamentariamente unha partida co fin de que os mariscadores e mariscadoras poñan en marcha os traballos de rexeneración dos bancos marisqueiros.

4º) Presente un plan de rexeneración da ría de Ferrol nun período non superior a 6 meses, para a recuperación desta zona.

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 16/01/2017 13:12:50

María Dolores Toja Suárez na data 16/01/2017 13:13:12

Julio Torrado Quintela na data 16/01/2017 13:13:23

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/01/2017 13:13:31



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2017 13:23
Nº Rexistro: 3396
Data envío: 16/01/2017 13:23:10.796

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa á certificación que teñen que realizar @s traballadores e traballadoras da banca sobre a idoneidade d@s clientes para determinados produtos.

Despois dos sucesivos escándalos ocorridos no sector financeiro pola mala praxe na colocación de produtos á clientela, as autoridades europeas, nomeadamente a ESMA, a autoridade de mercados europea, está poñendo en marcha a Directiva 2014/65/UE coñecida coma MIFID II e os diversos regulamentos da mesma, estas normas deben ser adaptadas á lexislación de cada estado.

No Estado Español corresponde á CNMV, Comisión Nacional do Mercado de Valores, as actuacións nesta materia.

Malia os sucesivos escándalos vividos, e as sucesivas sentenzas que evidencian unha actuación comercial por parte da banca mais que cuestionable, a día de hoxe a CNMV non ten adaptado a lexislación deixando que a banca actúe con total impunidade.

Un dos regulamentos pendentes de adaptar, que ten ademais unha repercusión tremenda para os traballadores e traballadoras do sector financeiro, é o regulamento que define o “asesoramento” e a formación que se requirirá para quen asesora e comercializa produtos financeiros.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2017 13:23
Nº Rexistro: 3396
Data envío: 16/01/2017 13:23:10.796

Mentres a ESMA está aberta á participación sindical, no caso da CNMV non aceptou a petición da CIG de participar na elaboración dunha norma que ten unha clara afección laboral. Ademais a CNMV incluíu no seu órgano consultivo como representantes dos profesionais ao Presidente do Banco Mediolanum, Carlos Tusquets, aparentemente por presidir unha “asociación profesional independente”. Hai que advertir que os bancos teñen a súa propia representación no Consello Consultivo da CNMV.

A asociación que preside Carlos Tusquets, chamada EFPA-España, European Financial Planning Association, autodenomínase “independente”, pero da que son socios-colaboradores da mesma a maior parte dos bancos do Estado español.

Ante a falta de regulación por parte da CNMV, a día de hoxe esta asociación, que ten unha clara relación coa banca, é quen acredita si a formación d@s traballador@s do sector é a correcta e necesaria.

Curiosamente EFPA-España non dá formación aos traballadores e traballadoras do sector financeiro, sinxelamente emite a certificación, eso sí, previo pago e previa asociación e pago de cotas á mesma por parte do persoal das entidades. A formación é facilitada por outras empresas ou incluso Universidades, ou Colexios Profesionais, sen que estes poidan certificar.

Na vez de ser Centros Públicos os que validen os coñecementos, a situación é a contraria, a certificación como asesor corresponde á EFPA. Hai que destacar que hoxe unha parte dos cadros de persoal dos bancos teñen titulacións universitarias, crer que unha asociación da que son socios os bancos pode ser mais rigorosa que as propias Universidades é cando menos inxenuo.

Á vista da actuación semella que os propios bancos montaron unha estrutura denominada EFPA-España, para eludir novamente as normativas que protexen á



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2017 13:23
Nº Rexistro: 3396
Data envío: 16/01/2017 13:23:10.796

clientela. E a CNMV, por unha parte non adapta a normativa comunitaria e por outra valida a actuación dos bancos nomeando representante dos profesionais ao Presidente da EFPA.

Cando ademais a propia regulación da ESMA parte dunha concepción errónea, non é un problema estrito de falta de formación, senón que hai un claro conflito de intereses, que a propia normativa da ESMA non ten en conta. Quen está ligado por un contrato de traballo cun banco e ten o mandato de vender produtos financeiros da entidade, non pode ser quen defina si ese produto é apto para a clientela.

A idoneidade dos produtos emitidos e comercializados non debe recaer sobre o persoal dos bancos.

A maiores a aplicación desta normativa pode dar lugar a máis despedimentos individuais ou colectivos de traballadores e traballadoras dos banco, nomeadamente aos de maior idade que carecen de formación universitaria, malia que teñen anos de experiencia profesional acreditada.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

Solicitarlle á CNMV que conte coa representación legal dos traballadores e traballadoras, os sindicatos negociadores dos respectivos convenios colectivo, coma lexítimos representantes d@s mesm@s ante a transposición de normativas que terán unha afectación laboral.

Solicitarlle á CNMV que defenda na ESMA, un sistema que non cargue sobre



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2017 13:23
Nº Rexistro: 3396
Data envío: 16/01/2017 13:23:10.796

@s traballadores e traballadoras dos bancos avaliar a idoneidade dos produtos emitidos polos entidades para @s clientes, e que eles/as mism@s teñen o mandato de colocarlle.

Solicitalle á CNMV que investigue a actuación da asociación EFPA-España.”

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/01/2017 13:04:17

Olalla Rodil Fernández na data 16/01/2017 13:04:22

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/01/2017 13:04:27



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2017 13:23
Nº Rexistro: 3396

Data envío: 16/01/2017 13:23:10.796

Noa Presas Bergantiños na data 16/01/2017 13:04:31

Xosé Luis Bará Torres na data 16/01/2017 13:04:35

Ana Pontón Mondelo na data 16/01/2017 13:04:38

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Noela Blanco Rodríguez, e do seu deputado, Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.

Como resposta á Recomendación do Consello relativa á implantación da garantía xuvenil, o 19 de decembro de 2013 o Goberno de España presentou á CE o Plan nacional de garantía xuvenil. Este plan, recolle un catálogo común de actuacións que serán desenvolvidas polos organismos intermedios do Programa Operativo de Emprego Xuvenil (POEJ) e terán como obxectivo a redución do desemprego xuvenil. A iniciativa de emprego xuvenil representa un dos instrumentos máis importantes para o desenvolvemento da garantía xuvenil en España e artículase a través deste programa operativo.

A Estratexia de Emprendemento e Emprego Novo 2013-2016 establece entre as principais causas do desemprego xuvenil en España as seguintes: alta taxa de abandono escolar, polarización do mercado de traballo, escaso peso relativo da Formación Profesional de grao medio; escasa empregabilidade dos mozos e mozas, especialmente no relativo ao coñecemento de idiomas estranxeiros; alta temporalidade, alta contratación parcial non desexada, difícil acceso ao mercado laboral dos grupos en risco de exclusión social, e necesidade de mellorar os niveis de autoemprego e iniciativa empresarial entre a mocidade.

O programa tiña previsto desenvolver medidas dirixidas ao colectivo de persoas novas maiores de 16 anos e menores de 25 non ocupadas, nin integradas nos sistemas de educación ou formación, co obxecto de alcanzar a súa inserción e mantemento no mercado laboral cun emprego de calidade. Así mesmo, tendo en conta as maiores dificultades para o acceso e o mantemento no mercado laboral, así como o atraso na idade de incorporación, no caso das persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, o tramo de idade para o acceso ás actuacións recollidas neste programa operativo elévase aos 30 anos de idade, nos termos establecidos no Real decreto lei 8/2014, do 4 de xullo, polo que se regula o Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, validado posteriormente a través da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Hai dous anos da posta en marcha do Programa Operativo FSE Emprego Xuvenil do período 2014 - 2020, que conta cunha dotación de 6.000 millóns de euros, co obxectivo de que os menores de 25 anos reciban unha oferta de emprego, educación continua, ou prácticas nun prazo de catro meses tras a súa educación formal ou quedar desempregados.

A pesar de que, segundo os datos da EPA do terceiro trimestre do 2016, entre os menores de 25 anos a taxa de desemprego xuvenil en Galicia ascende ata o 37,6 %; e en España é dun 41,9 %, a implementación da iniciativa non é a esperada. Segundo os datos do Ministerio de Emprego, o Goberno galego planificou só o 13,72 % do orzamento asignado para 2014 e 2015.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que:

1º) Inclúa criterios de calidade para os empregos ofertados no Plan de garantía xuvenil da nosa comunidade autónoma, así como a formalizar a intención de ofrecer postos de calidade, incluíndoa nas normas vixentes relacionadas coa Garantía Xuvenil. Os devanditos criterios de calidade terán que ser acordados cos actores implicados no programa.

2º) Realice un estudo da poboación diana do programa, facendo especial fincapé naqueles mozos e mozas que non estudan nin traballan, para así poder dirixirse a eles con campañas máis efectivas, e poder facer un traballo máis adaptado ás súas necesidades e perfís. É dicir, incorporar ao enfoque actual moi centrado na oferta (empresas), a demanda (desempregado mozo).

3º) Estableza mesas de diálogo cos principais actores implicados e representantes da mocidade, tales como asociacións xuvenís ou o *Consejo de la Juventud de España*, para realizar un correcto seguimento do Plan e incluír posibles melloras.

Grupo Parlamentario

4º) Fixe uns obxectivos cuantitativos nas accións formativas, educativas e de emprego a realizar polo programa, que deberá levar a cabo unha vez se obteña un estudo máis pormenorizado da poboación diana á que se dirixe o programa e á que se refire o punto 2 da presente proposición.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

5º) Estableza un cronograma en que se detalle cando se van a realizar as accións descritas anteriormente e comprometerse a cumprilo.

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2017 13:57:37

Julio Torrado Quintela na data 16/01/2017 13:57:47

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/01/2017 13:58:04

A MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ao transporte sanitario en Galicia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Existen en Galicia importantes deficiencias en canto ao transporte urxente do 061. Recursos insuficientes para cubrir todas as zonas sanitarias, que se traducen nunha baixa calidade no servizo por unidades sobreesaturadas ou tempos de espera e resposta altamente preocupantes.

Actualmente existen 104 ambulancias asistenciais e 11 UVIs que non só non son capaces de cubrir a demanda actual si non que moito menos serán capaces de asumir o incremento da demanda nun futuro.

A Organización Mundial da Saúde, xa presentou fai tempo un informe no que estipulaba que o axeitado é dispoñer dunha ambulancia de urxencias por cada 25.000 habitantes así como dunha UVI por cada 120.000. Cifras que están bastante lonxe dos recursos actuais.

Ante esta insuficiencia de recursos, nacen as chamadas “ambulancias de apoio para o 061” que en lugar de ser unha solución ao problema, supoñen unha degradación na calidade do servizo ao ir unicamente un TES condutor, pois dificulta tarefas como a baixada a un paciente dun domicilio, a inmovilización dun accidentado...etc



Os profesionais técnicos de emerxencias así como os xestores de emerxencias, levan tempo solicitando a retirada deste transporte de apoio por ambulancias oficiais con dotacións completas.

Por todo o anterior En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- 1.^a) Retirar as “ambulancias de apoio para o 061” e no seu lugar poñan un recurso 100% do 061 con dous TES así como o material necesario.
- 2.^a) Dispor de novas UVIs no Salnés (Vilagarcía), Valdeorras (O Barco), Costa da Morte (Cee), Verín, Carballo e Monforte de Lemos.
- 3.^a) Dispor de novas ambulancias asistenciais en Pontevedra (12h), Santiago (12h), Ourense (24h), Carballiño ou Ribadavia (12h), Porto do Son (24h) e Laxe (12h).

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2016.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Asdo.: Luís Villares Naveira,

Deputada do G.P. de En Marea

Voceiro do G.P de En Marea



Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 16/01/2017 18:53:44

Luis Villares Naveira na data 16/01/2017 18:53:54

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeiras Broz, Marta Novoa Iglesias, Silvestre José Balseiros Guinarte, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Julia Rodríguez Barreira e Antonio Mouriño Villar, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de lei en Comisión.**

Exposición de Motivos:

Durante os últimos anos, O Grupo Popular do Parlamento de Galicia ven apoiando de diversos xeitos a construción e desenvolvemento do Porto da Coruña, tanto no referente a nova dársena de Punta Langosteira como no referente as actividades e infraestruturas dos peiraos tradicionais.

Non se pode dicir o mesmo nos últimos tempos do actual Goberno Municipal da Coruña, que dende un primeiro momento mostrou un comportamento hostil cara a un ente de enorme transcendencia e importancia na cidade, así o alcalde comparou nun hotel de luxo en Madrid o Porto Exterior da Coruña co aeroporto de Castellón, chegou a dicir que as obras da Mariña estaban sen licenza, subiulle o IBI ao Porto e as empresas que nel operan ou segue sen pagar a certificación de obras de 2015.

Na actualidade, e logo de anos moi difíciles para conseguilo, o Porto Exterior de Punta Langosteira atópase xa rematado e en pleno funcionamento nas obras marítimas, e nos accesos por estrada, e traballándose dende distintas administracións para culminar o proceso de construción do acceso ferroviario xa comezado. Como case sempre, a maior dificultade foi e é solventar os aspectos financeiros, para elo, está vixente un convenio que o Concello da Coruña e o Ministerio de Fomento

firmaron no ano 2004, en ámbalas dúas administracións con gobernos socialistas.

Os convenios vixentes poden ser cambiados por acordo das partes, ou teñen que ser cumpridos.

A Autoridade Portuaria da Coruña, ven traballando dende finais de 2015 no desenvolvemento deste convenio, e así, comunicoullo en marzo de 2016 o Presidente de Portos do Estado ao Alcalde da Coruña nunha reunión entre ambos. En dita reunión comunicóuselle ao Alcalde que íase a subastar os terreos da Solana e o Hotel Finisterre según as exixencias impostas por Fomento no ano 2008, tamén cun Ministro e Presidente de Portos Socialista. Nese momento o Alcalde da Coruña non manifestou ningunha obxección a enaxenación deste ben patrimonial do Porto da Coruña.

Meses máis tarde, en maio, e xa incorporado este punto na orde do día do Consello de Administración da Autoridade Portuaria, o concelleiro e representante do Concello da Coruña no Consello, anunciou por sorpresa que o Concello estaba interesado en comprar a Solana, e o Porto retirou o tema da orde do día e parou a poxa, proba da boa vontade de diálogo.

No seguinte Consello de Administración, o 30 de xuño de 2015, decidiuse darlle ao Concello da Coruña un prazo de 6 meses para concretar formalmente a oferta por estes terreos e non facer así poxa pública, prazo que remataba a finais de decembro.

A sorpresa xeralizada foi que 9 meses despois de avisar da poxa e 6 meses despois de aberto o prazo formal para presentar una oferta, o Concello da Coruña o único que fixo foi mandar unha carta de intencións sen ningún valor xurídico, como reflicten os distintos informes de avogacía do Estado, Intervención Xeral e Portos do Estado. Para maior abundamento, o Concello da Coruña tramitou ata 12 modificativos orzamentarios dende xuño de 2016, nos que en ningún deles incluíu un solo euro para concretar ao menos unha oferta firme.

Esta inactividade municipal non é nova, as trabas aos proxectos estratéxicos da cidade desenvolvidos por outras administracións veñen sendo constante nos 19 meses de goberno da Marea, así seguen parados

por trabas municipais a intermodal, a ampliación de Alfonso Molina, ou o Centro de Saúde de Santa Lucía entre outros.

Por todo isto exposto, e ante a incapacidade demostrada ata o momento polo Alcalde da Coruña para defender e apoiar os grandes temas da cidade, e en concreto o desenvolvemento do porto da Coruña, e ca vontade de seguir apoiando dende esta institución unha infraestrutura clave para a cidade.

Polo exposto o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte Proposición non de Lei en Comisión.

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Alcalde de A Coruña instándoo a negociar con Puertos del Estado e a Autoridade Portuaria para atopar unha solución que permita conxugar a viabilidade económica e social do porto co aproveitamento público dos terreos portuarios”.

Santiago de Compostela , 17 xaneiro 2017.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 16/01/2017 19:15:57

Martín Fernández Prado na data 16/01/2017 19:16:22

Jaime Castiñeira Broz na data 16/01/2017 19:17:05

Marta Novoa Iglesias na data 16/01/2017 19:17:13

Silvestre Balseiros Guinarte na data 16/01/2017 19:17:30

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 16/01/2017 19:17:42

María Julia Rodríguez Barreira na data 16/01/2017 19:17:53

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Antonio Mouriño Villar na data 16/01/2017 19:18:12

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

En Galicia, as persoas presas non teñen recoñecido por lei o dereito a asignación de avogado ou avogada polo sistema de asistencia xurídica gratuíta para a defensa dos seus dereitos fronte a Administración penitenciaria; a designación prodúcese só ao acadar o trámite do recurso de apelación.

É certo que hai Colexios de Avogados (como Pontevedra, Ourense e Santiago) que crearon no seu día quendas penitenciarias voluntarias e que xa en 2012 o Consello da Avogacía Galega apoiara esta proposta, mais estas non deixan de ser solucións parciais a un problema que debería atallar o Goberno da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a crear un servizo especial de asesoramento xurídico dentro do dereito a asistencia xurídica gratuíta dende a entrada en prisión de calquera persoa.

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 17/01/2017 13:54:42

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 17/01/2017 13:54:48

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/01/2017 13:54:53

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

O servizo público da Xustiza é básico para a vertebración do Estado Social e Democrático de Dereito. Por desgraza, nestes últimos anos de goberno do PP, a Administración de Xustiza en Galicia sinalou a falta de vontade política e de capacidade para asumir as competencias constitucionais e estatutarias que a nosa Comunidade Autónoma ten no eido dunha institución tan esencial.

Como indicador, o orzamento de gasto en actuacións relativas á Administración de Xustiza para o exercicio 2017 é de algo máis de 104 millóns de euros, é dicir, só uns 12 millóns de euros máis que as previsións para construcións que recollía o Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015.

No ano 1995, a Xunta de Galicia asumira a provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza e, dende aquela, iniciouse unha política en materia de infraestruturas coa finalidade de actuar na moi necesaria renovación e construción das instalacións xudiciais. Así naceu o Plan de infraestruturas xudiciais co horizonte 2010-2015.

O vicepresidente da Xunta de Galicia recorre Galicia fachendoso de investir “50.000 euros” en reformas cando o certo é que, só na provincia de Pontevedra, nada do previsto no Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015 se ten feito: nada en Pontevedra, Vigo, Cambados, Vilagarcía de Arousa, A Estrada ou Tui.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a avaliar os investimentos e as infraestruturas xudiciais en toda a Comunidade Autónoma e a executar, na súa totalidade no ano 2017, o Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015.

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo

Juan Manuel Díaz Villoslada

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.:Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 17/01/2017 13:58:43

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 17/01/2017 13:58:50

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/01/2017 13:58:57

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, María Dolores Toja Suárez e Juan Manuel Díaz Villoslada**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

Nun medio de comunicación galego, o día 8 de xaneiro deste ano:

“Es una tendencia que se viene sucediendo en los últimos años, pero se trata de un problema que se ha agudizado en los últimos meses, en los que, precisamente, los delitos contra la propiedad privada, entre otros, se han disparado en gran parte de los Concellos de la Costa da Morte. A día de hoy, casi la mitad de los nueve puestos que conforman la V Compañía de la Guardia Civil (que abarca desde A Laracha hasta Corcubión) están bajo mínimos. La situación es especialmente preocupante en los destacamentos de Camariñas, Ponteceso, Malpica y Vimianzo, donde apenas se cubren entre el 30 y el 50% de las plazas existentes. En el puesto camariñán trabajan tres guardias civiles, de los nueve adscritos. En Vimianzo, cinco de once. En Malpica, dos de cuatro, aunque el caso más sangrante es el de Ponteceso, donde según confirmó ayer el alcalde solo hay dos agentes de siete. En el resto de destacamentos la situación presenta un mejor aspecto. En Laxe y A Laracha están cubiertos con la práctica totalidad de las plantillas y en Carballo hay unos cuarenta agentes de servicio.

La causa principal de que algunos puestos estén muy por debajo de los índices normales de actividad se debe principalmente a las bajas laborales, vacaciones, turnos de libranza y traslados sin que, según apuntaron varios profesionales, la Dirección General de la Guardia Civil, a través de la Subdelegación del Gobierno, haya tomado cartas en el asunto y revertir una situación que gran parte de los alcaldes de la zona califican de preocupante.

Algunos profesionales, que prefieren mantenerse en el anonimato por temor a represalias, han asegurado que en determinados fines de semana

Grupo Parlamentario

hay verdaderos quebraderos de cabeza par cubrir los servicios nocturnos. Así, para el pasado fin de año estaban previstas dos patrullas para cubrir A Laracha, Coristanco y Carballo. Dos de los agentes se pusieron de baja y una de las patrullas fue anulada a última hora. La que quedó operativa estaba formada por tres agentes, de los puestos de Carballo y Ponteceso. Estos guardias civiles permanecieron atentos toda la noche a lo que pudiera ocurrir, de forma simultánea, en A Laracha, Carballo, Coristanco, Ponteceso, Malpica, Laxe y Cabana. En las comarcas de Soneira y Fisterra ocurre tres cuartos de lo mismo: una patrulla para cubrir cuatro, cinco, seis y hasta siete concellos”.

Isto está a ocorrer en todo o rural de Galicia e o Goberno galego cala, coma sempre.

Hai redución de horarios e redución de medios persoais e de cadro de persoal dos corpos da Garda Civil e da Policía Nacional (non digamos xa da Policía adscrita). Como consecuencia, faltan información sobre os veciños de cada pobo e vila, presenza no terreo e resposta rápida.

A Garda Civil nacía no século XIX coa fin de protexer o rural, pero cada vez é máis urbana porque as patrullas o foron abandonando, polo que tardan horas en chegar e a delincuencia increméntase. Ao que hai que engadir o tremendo problema da despoboación en Galicia: cada vez hai menos veciños e veciñas e cada vez son máis vellos. Como consecuencia, a falta de seguridade tradúcese nunha falta de benestar.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a esixir ao Goberno do Estado a solución do problema de seguridade na nosa Comunidade Autónoma a través dos seguintes medios:

1. O incremento dos medios persoais e do cadro de persoal dos corpos da Garda Civil, da Policía Nacional e da Policía adscrita.
2. A cobertura das baixas laborais, vacacións, quendas de libranza e traslados.

 Grupo Parlamentario

3. A cobertura das prazas existentes nos Corpos e Forzas de Seguridade na Comunidade Autónoma para garantir o servizo a prestar á cidadanía.

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Dolores Toja Suárez
Juan Manuel Díaz Villoslada

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 17/01/2017 14:02:27

María Dolores Toja Suárez na data 17/01/2017 14:02:40

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 17/01/2017 14:02:47

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/01/2017 14:02:54

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ao dereito de permuta para traballadoras e traballadores interinos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

